

# BOLETÍN 2022. PREMIOS E DISTINCIÓNS.

## A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

*Numerosos organismos,  
institucións e entidades  
empresariais premian os  
esforzos da nosa comunidade  
universitaria.*

### PREMIOS E DISTINCIÓNS.

A comunidade universitaria está composta por alumnado, persoal docente e investigador e persoal auxiliar e de servizos. Todas as persoas pertencentes a estes colectivos conforman o gran capital desta institución. O seu esforzo de superación, o seu traballo e os seus intereses profesionais e académicos son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto en España como a nivel internacional.

A Universidade de Vigo quere, con este boletín, recompilar toda a información sobre os premios e distincións acadados pola nosa comunidade universitaria ao longo do 2022.

Nas seguintes páxinas poderán atopar información, extraída de diversas novas do Diario da Universidade de Vigo ([DUVI](#)) e outros xornais sobre os mesmos.

---

*“Parabéns a toda a comunidade universitaria  
polos premios acadados durante o 2022.”*

---





As premiadas Elena Valcárcel Cao e Nuria Ferreiro Amoedo

### PREMIOS EGERIA: DA REIVINDICACIÓN DO PATRIMONIO INMATERIAL, AOS VENTRES DE ALUGAMENTO, PASANDO POLA COMPETENCIA MOTRIZ

Os galardóns a TFG e TFM con perspectiva de xénero premian a seis alumnas da UVigo. ([Duvi](#)).+ [info](#)



Os piragüistas Noel e Diego Domínguez iniciaron este curso os seus estudos na UVigo

### OS IRMÁNS NOEL E DIEGO DOMÍNGUEZ, SUBCAMPIÓNS DO MUNDO NO CAMPIONATO DO MUNDO DE PIRAGÜISMO.

Ambos iniciaron este curso os seus estudos na UVigo. ([Duvi](#)) [+info](#)



Alba Guzmán estudia Ingeniería Mecánica en el campus de Vigo y reside en la ciudad olívica. OSCAR VÁZQUEZ

### ALBA GUZMÁN FALCÓN GAÑADORA DO PREMIO XUVENTUDE CREA NA MODALIDADE DE NOVELA CURTA.

A alumna de Enxeñería Mecánica gañou xa 22 certames literarios. ([La Voz de Galicia](#)) [+info](#).

### Las mujeres copan los premios extraordinarios de doctorado

Veintidós de los treinta estudiantes distinguidos por la UVigo son jóvenes investigadoras ▶ Ellas son mayoría en los cuatro ámbitos

### AS MULLERES COPAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO.

Vinte e dúas dos trinta estudantes distinguidos pola UVigo son mozas investigadoras. ([Faro de Vigo](#)) [+info](#).



'Amor de nai' foi realizada por Iria Rodríguez, Adrián Rodríguez, Daniel Sampayo, Víctor Seara e Fernando Toja

### A CURTA “AMOR DE NAI”, GALARDOADA NUN FESTIVAL DE CINE ESCOLAR.

Trátase dunha peza realizada polo alumnado de Educación e Traballo Social en homenaxe á escritora Xela Arias. ([Duvi](#)) [+info](#).



Andrea Pérez, Tania Souto, Marta Caldas, xunto coa persoa encargada de recoller o premio en nome de Nuria Souto, xunto a Silva e a deputada provincial Victoria Alonso. Foto: Deputación de Pontevedra

### A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ENTREGOU OS PREMIOS SOFÍA NOVA A CINCO TITULADAS DA UVIGO.

Os traballos das cinco egresadas poñen de relevo como a investigación pode combater a desigualdade. ([Duvi](#)) [+info](#).



Membros do comité que constituíron o observatorio. Patricio Sánchez é o segundo á esquerda na imaxe

### PATRICIO SÁNCHEZ, ENTRE OS MEMBROS DO NOVO OBSERVATORIO DE DERECHOS HUMANOS DE ESPAÑA.

O profesor foi elixido para formar parte do primeiro comité desta entidade. ([Duvi](#)) [+info](#).



Foto de familia das alumnadas premiadas coas autoridades

### UVIGO E DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA RECOÑECEN A CATRO ALUMNAS COMO REFERENTES STEM PARA AS FUTURAS XERACIÓNS DE CIENTÍFICAS E TECNÓLOGAS.

Manuel Reigosa e Carmela Silva participaron na entrega dos II Premios GirlGeekCovid. ([Duvi](#)) [+info](#).



Imaxe pertencente á 'Só as árbores coñecen o son das balas'

### A XUNTA SELECIONA A CURTA DUNHA ALUMNA DE BELAS ARTES PARA O SEU CATÁLOGO DE PROMOCIÓN INTERNACIONAL.

A peza é da estudante de doutoramento Rebeca Lar forma parte de “Short from Galicia”. ([Duvi](#)) [+info](#).



Arturo Ramírez, Carlos Alonso, Jorge Soto e Mariola Ramírez

### O ROTARY CLUB RECOÑECE O CAMPUS DE PONTEVEDRA COMO “UN DOS PIARES FUNDAMENTAIS DA CIDADE” CO PREMIO “SERVIR 2022”.

Destaca as súas accións en materia de medio ambiente, cultura e defensa dos valores sociais. ([Duvi](#)) [+info](#).



Imaxe de arquivo de 2020 do colectivo eXXperimenta en Feminino

### EXXPERIMENTA EN FEMININO RECIBE O XVI PREMIO CLARA CAMPOAMOR COMO UN RECOÑECEMENTO AO TRABALLO DE BASE A PROL DA IGUALDADE

O Concello de Ourense concedeulle o galardón pola posta en valor de referentes femininos nas STEM. ([Duvi](#)) [+info](#).



Foto de familia das alumnas premiadas coas autoridades

### TRES TRABALLOS FIN DE GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL, PREMIADOS NO 7º CONCURSO TFG EDUSO.

Concedidos polo Colexio de Educadoras/es Sociais de Galicia. ([Duvi](#)) [+info](#).



Jesús García, Carlota Hernández e Iván González recollendo o premio en Madrid

### AECOC PREMIA UNHA EGRESADA DA UVIGO POR UN TRABALLO SOBRE OS ENVASES E EMBALAXES SOSTIBLES NO COMERCIO ELECTRÓNICO.

Carlota Hernández García é alumna da Escola de Enxeñería Industrial. ([Duvi](#)) [+info](#).



### A CATEDRÁTICA ÁFRICA GONZÁLEZ RECIBE O PREMIO ERNESTINA OTERO DO CONCELLO DE VIGO.

A inmunóloga é unha das docentes da Universidade de Vigo cunha traxectoria científica máis destacada e cunha importante proxección social. ([Duvi](#)) [+info](#).



O reitor, Manuel Reigosa, cos fillos de Ángela González Garrido

### ÁNGELA GONZÁLEZ, PRIMEIRA GRADUADA DA ESCOLA DE PERITOS, RECIBE O PREMIO UVIGUALA 2022.

As pioneiras nas aulas universitarias reciben a homenaxe da UVigo no 8M. ([Duvi](#)) [+info](#).



Imaxe das e dos galardoadoas na recollida do seu diploma., entre eles e elas Nazaret Blanco (primeira á esquerda) e Ana Pousada (primeira pola dereita)

### SEIS TRABALLOS ACADAN OS IV PREMIOS DE INVESTIGACIÓN, TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO CAMPUS AUGA.


Os galardóns son froito da colaboración entre a UVigo e Viaqua. ([Duvi](#)) [+info](#).



O acto celebrouse no Pazo de San Roque de Santiago de Compostela

### HERMINIA DOMÍNGUEZ INGRESA NA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS FALANDO DA BIORREFINERÍA COMO FERRAMENTA CLAVE PARA A SOSTIBILIDADE.

A catedrática de Enxeñaría Química convértese en académica numeraria desta institución. ([Duvi](#)) [+info](#).



Isabel Pastoriza Santos, en el laboratorio del Centro de Investigaciones Biomédicas (Cinbio) de la Universidade de Vigo. RICARDO GROBAS

### ISABEL PASTORIZA SANTOS, INVESTIGADORA DE UVIGO, RECIBE O RECOÑECEMENTO DO CONCELLO DE BUEU.


O recoñecemento ten relación coa actos do Día Internacional da Muller. ([Faro de Vigo](#)) [+info](#).



Os membros do xurado, Xosé Manuel Pacho, María Antonia Arias e Francisco Torres

### O PREMIO XURÍDICO DE INVESTIGACIÓN EN LINGUA GALEGA XOSÉ LUÍS FRANCO XA TEN GAÑADORES

O fallo do xurado foi anunciado nun acto co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. ([Duvi](#)) [+info](#).



Estes galardóns pretenden estimular a promoción do Campus Auga

### O EQUIPO FEMININO DE BALONMÁN DA UVIGO PROCLÁMASE CAMPIÓN DE ESPAÑA UNIVERSITARIO POR TERCEIRA VEZ CONSECUTIVO

Cun conxunto do que formaban parte cinco alumnas de Ciencias da Educación e do Deporte. ([Duvi](#)) [+info](#).



### PAULA AMOEDO, ESTUDANTE DE BELAS ARTES, GAÑA UN CONCURSO DE DESEÑO.

Un ovni foi o elemento central da súa proposta. ([La Voz de Galicia](#)) [+info.](#)



### A VICERREITORÍA DO CAMPUS CREA PREMIA A CREATIVIDADE E CAPACIDADE DE INNOVACIÓN DO ALUMNADO.

Unha base de datos e un conto ilustrado recibiron os galardóns nesta edición. ([Duvi](#)) [+info.](#)

*Foto de familia das premiadas e premiados, xunto a Agrelo e Souto*



### A UVIGO PROCLÁMASE CAMPIOA DE ESPAÑA UNIVERSITARIA DE GOLF

O equipo formado por Marta Llorca e Tomás García obtivo a medalla de ouro. ([Duvi](#)) [+info.](#)

*O equipo formado por Marta Llorca e Tomás García fíxose coa medalla de ouro*



### MARTÍN PINTOS GAÑA A PRIMEIRA MEDALLA DA UVIGO NUN CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TENIS DE MESA.

Catro estudantes participaron no torneo disputado en Murcia. ([Duvi](#)) [+info.](#)

*Pintos, á dereita, coa primeira medalla da UVigo nesta modalidade deportiva*



*Os gañadores, as finalistas e as autoridades*

### ESTUDANTES DE ENXEÑARÍA DA UVIGO GAÑAN A LIGA NACIONAL DE DEBATE LEDU STEM.

Santiago Janeiro, da EE de Telecomunicación, e Guillermo Fernández da EE Industrial. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Manu Paz, Celia García, Sara Cortegoso, Lois Tomás e Myriam García, coas súas medallas*

### A UVIGO LOGRA A PRATA POR EQUIPOS NO CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE TAEKWONDO

Tanto Sara Cortegoso como a parella formada por Celia García e Manuel Paz lograron o ouro. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Foto das e dos investigadores da UVigo e do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense que participaron no proxecto*

### OS PREMIOS Á TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA DISTINGUEN O PROXECTO POLYDEEP.

O proxecto ten como obxectivo a mellora da detección e clasificación de pólipos colorrectais mediante intelixencia artificial. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Formulan varias propostas fiscais para o sector do transporte, así como medidas compensatorias*

### XAVIER LABANDEIRA E ALBERTO GAGO, DISTINGUIDOS POLA REVISTA HACIENDA PÚBLICA ESPAÑOLA POR UN ARTIGO SOBRE FISCALIDADE AMBIENTAL

Formulan varias propostas fiscais para o sector do transporte, así como medidas compensatorias. ([Duvi](#)) [+info](#).





Alba Ferreira e Carlota Cañamero no stand de Siluro na Maker Faire Galicia

### ALUMNAS E ALUMNOS DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN FANSE CUN DOS TRES PREMIOS DA MAKER FAIRE GALICIA.

O proxecto, denominado Siluro, está destinado á detección e recollida de residuos no mar. ([Duvi](#)) [+info](#).



Foto do grupo na Escola Superior de Enxeñaría Informática

### O GRUPO SING, GALARDOADO NA NOITE DA ENXEÑARÍA INFORMÁTICA DE GALICIA POLO IMPACTO SOCIAL DOS SEUS PROXECTOS.

Acadaron o Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. ([Duvi](#)) [+info](#).



Fernando Pérez-González, David Vázquez-Padín e Alberto Pedrouzo-Ulloa son os autores do traballo

### PREMIO EUROPEO PARA UN PROXECTO QUE AXUDA ÁS FORZAS DE SEGURIDADE A XESTIONAR GRANDE CANTIDADES DE CONTIDO MULTIMEDIA.

Foi elixido como mellor póster no EICC, European Interdisciplinary Cybersecurity Conference. ([Duvi](#)) [+info](#).



Foto de familia realizada na entrega dos premios

### A INVESTIGADORA LUCÍA DÍAZ VILARIÑO RECIBE A DISTINCIÓN ISPRS PRESIDENT'S HONORARY CITATION.


É a terceira persoa española, a primeira muller, en recibir este galardón. ([Duvi](#)) [+info](#).



Elena Álvarez, xunto ao director da EE Forestal, Juan Picos

### UN ESTUDO SOBRE A DETECCIÓN DE ESPECIES INVASORAS CON TECNOLOXÍAS CARTOGRÁFICAS, PREMIADO POLA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CIENCIAS FORESTALES.

Centrado no desenvolvemento dunha metodoloxía de análise para localizar mimosas. ([Duvi](#)) [+info](#).



Antonio Ramos diante da sede cidade da Escola de Enxeñería Industrial

### SELECCIONAN A ANTONIO RAMOS, ALUMNO DA UVIGO COMO MEMBRO DO GRUPO DE EXPERTOS EN GARANTÍA DA CALIDADE DA UNIÓN EUROPEA DE ESTUDANTES.

Antonio Ramos, da EE Industrial, leva anos participando en órganos de representación. ([Duvi](#))[+info](#).



Ángeles Sanromán recollendo o galardón (Foto: Suso Rivas)

### A RAGC RECOÑECE O TRABALLO DAS INVESTIGADORAS ÁNGELES SANROMÁN E ISABEL PASTORIZA NO DÍA DA CIENCIA EN GALICIA.

As científicas da UVigo recolleron os galardóns no acto celebrado no Pazo de Fonseca. ([Duvi](#)) [+info](#).



Imaxe da entrega do galardón ao equipo da UVigo participante

### TRES ESTUDANTES DA UVIGO GAÑAN O DESAFÍO AERONÁUTICO 2022.

O certame está convocado polo Colegio Oficial de Ingenieros Aeronáuticos de España. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Mercedes Solla, investigadora de Cintecx*

### A INVESTIGADORA DO CINTECX MERCEDES SOLLA OBTÉN UNHA PRESTIXIOSA BECA LEONARDO DA FUNDACIÓN BBVA

Cun proxecto sobre detección temperá da corrosión en formigón armado. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Manuel Megías, Pilar Molist e Miguel Ángel Pombal co diploma do premio.*

### UN NOVO PREMIO E 26 MILLÓNS DE USUARIOS CONFIRMAN O ÉXITO INTERNACIONAL DO ATLAS HISTOLÓXICO DA UVIGO.

É unha ferramenta pensada para favorecer a autoaprendizaxe e emprégana estudantes de todo o mundo. ([Duvi](#)) [+info](#).



### 139 ESTUDANTES DA UVIGO ACADAN OS PREMIOS DE EXCELENCIA ACADÉMICA DE GRAO DO CURSO 2020/2021 DA XUNTA.

En toda Galicia recibirán o galardón 434 alumnas e alumnos universitarios. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Belén Riveiro foi recoñecida pola orixinalidade e impacto das súas investigacións*

### BELÉN RIVEIRO GAÑA O PREMIO NACIONAL DE INVESTIGACIÓN PARA JÓVENES MATILDE UCELAY

A súa traxectoria investigadora céntrase na resiliencia de infraestruturas a eventos extremos. ([Duvi](#)) [+info](#).



O profesor Roberto Barcala

### A ASOCIACIÓN IBEROAMERICANA DE EDUCACIÓN ACUÁTICA PREMIA A TRAXECTORIA DO PROFESOR ROBERTO BARCALA.

Foi un dos distinguidos co galardón Referente Aidea na área de seguridade acuática. ([Duvi](#)) [+info](#).



Imaxe de arquivo de María Victoria Carballo-Calero

### MARÍA VICTORIA CARBALLO-CALERO, GALARDOADA NOS PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2022.

A catedrática emérita da UVigo foi a elixida na categoría de Artes Visuais. ([Duvi](#)) [+info](#).



Guillermo Fernández e Jesús Henares, integrante do equipo da Universidad de Málaga

### O ENXEÑEIRO GUILLERMO FERNÁNDEZ REPITE COMO MELLOR ORADOR UNIVERSITARIO DE ESPAÑA, MENTRES O EQUIPO DA UVIGO SE PROCLAMA SUBCAMPIÓN DA LEDU.

14 equipos participaron en Zaragoza na Liga Española de Debate Universitario. ([Duvi](#)) [+info](#).



Cancela e Campo recibiron o premio de mans de Rocío Mosquera e Alberto Fuentes. Foto: Clúster Saúde de Galicia

### O CLÚSTER SAÚDE DE GALICIA RECOÑECE A CÁTEDRA DE IDADISMO E AS INVESTIGACIÓNS SOBRE EXERCICIO CON REALIDADE VIRTUAL DO GRUPO HEALTHYFIT


Cos premios RIES á iniciativa máis comprometida coa comunidade e ao proxecto revelación. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Recibiu o galardón no marco do ICALEO'2022, o congreso máis importante do mundo sobre procesamento de materiais con láser*

## O INVESTIGADOR DO CINTECX RAÚL BARCIELA GAÑA UN PREMIO INTERNACIONAL POR UN TRABALLO SOBRE A PRODUCCIÓN DE FIBRAS NANOMÉTRICAS

No marco do ICALEO, o congreso máis importante do mundo sobre procesamento de materiais con láser. ([Duvi](#)) [+info](#).



## O DOCENTE E INVESTIGADOR DO DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA E LATINA DA UVIGO GONZALO NAVAZA BLANCO INGRESARÁ NA REAL ACADEMIA GALEGA.

Un discurso sobre a toponimia de Lalín. ([Duvi](#)).[+info](#).



*Torres, Camba, Maestriepieri e Rey*

## UN PROXECTO QUE PROPÓN CONVERTER CONTEDORES EN ALBERGUES ACCESIBLES GAÑA O PRIMEIRO PREMIO 'IN-TEAMS'

'Horreum' foi desenvolto por Esteban Maestriepieri e David Camba. ([Duvi](#)) [+info](#).



*'El jardín olvidado', de Jorge Lens*

## O PROFESOR JORGE LENS GAÑA UN PREMIO INTERNACIONAL DE FOTOGRAFÍA

A súa obra 'El jardín olvidado' foi a seleccionada polo xurado do certame E CA de Riba-roja. ([Duvi](#)) [+info](#).



Sabela Santiso e Brais Cano

### O ALUMNO BRAIS CANO, OURO NA COPA DE EUROPA DE PATINAXE ARTÍSTICA

Está a cursar primeiro do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.  
([Duvi](#)) [+info](#).



Foto de grupo da entrega de premios

### O GRUPO DE INVESTIGACIÓN SING, GALARDOADO NOS VI PREMIOS SPIN-OFF PUNTOGAL

En recoñecemento á súa traxectoria no campo biomédico e de ciberseguridade. ([Duvi](#)) [+info](#).



### MARTA LÓPEZ LÓPEZ MELLOR NOTA EN LA OPE DE EDUCACIÓN 2022 EN GALICIA.

A súa clasificación no concurso oposición na especialidade de debuxo. ([Diario de Pontevedra](#)) [+info](#).



Natalia Belén de Roia gañou o premio á mellor colección en Debut 2022

### NATALIA BELÉN DE ROIA VENCE EN DEBUT 2022 CUNHA COLECCIÓN INSPIRADA NA PAIXÓN POLO FÚTBOL DA SÚA ARGENTINA NATAL

Noemí Comesaña logrou o premio á proposta con máis valor artesanal. ([Duvi](#)) [+info](#).



Foto conxunta de premiados e autoridades

## UN ESTUDO SOBRE O IMPACTO DE FACEBOOK NO MÁRKETING DE REDES SOCIAIS GAÑA OS PREMIOS JOSÉ MANUEL PÉREZ CANAL 2022

Concedidos pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e o Colexio de Economistas de Ourense. ([Duvi](#))+[info](#).



Domínguez, tras recibir a medalla de bronce

## A ESTUDANTE MARTA DOMÍNGUEZ LOGRA O BRONCE NO MUNDIAL UNIVERSITARIO DE SQUASH

Alumna de Ciencias da Educación e do Deporte, foi unha das catro integrantes do equipo español. ([Duvi](#))+[info](#).



Foto de familia da gran final celebrada onte domingo na Escola de Enxeñaría Industrial

## IVÁN FERNÁNDEZ, MELLOR ORADOR DO I TORNEO NACIONAL DE DEBATE RETÓRICA UVIGO: “CONSEGUIR ISTO NA CASA É UN AUTÉNTICO ORGULLO”

A gran final disputouse entre a UVigo e a USC na sede cidade da Escola de Enxeñaría Industrial. ([Duvi](#))+[info](#).



## O PROFESOR JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ ANDINA, NOMEADO MEMBRO 'FELLOW' DO INSTITUTE OF ELECTRICAL AND ELECTRONICS ENGINEERS, IEEE

Con 400.000 socios, é a maior asociación profesional da enxeñaría eléctrica e electrónica do mundo. ([Duvi](#))+[info](#).



Captura do vídeo 'Unha ducia', realizado pola alumna da UVigo María Carmen Rodríguez Caeiro, e galardoado co Premio á innovación

## DÚAS ALUMNAS DA UVIGO, ENTRE AS GAÑADORAS DA II EDICIÓN DO CONCURSO MÓVETE POLOS ODS

Polos vídeos 'Únete al cambio' e 'Unha ducia'. ([Duvi](#)) [+info](#).



A vicerreitora Natalia Caparrini e unha das fundadoras de Vi&Go, Marta Álvarez

## A STARTUP VI&GO ACADA O SEGUNDO PREMIO NOS SANTANDER X AWARD SPAIN 2022

O proxecto consiste nunha electrolinera de intercambio de baterías para microvehículos eléctricos. ([Duvi](#)) [+info](#)



## LOURDES TEIXEIRA, EGRESADA DO MÁSTER EN AUDITORÍA, GAÑA A COMPETICIÓN EN BOLSA E CRYPTOS

Partindo dunha conta virtual dun 1.000.000 de euros, foi a que logrou obter o maior incremento. ([Duvi](#)) [+info](#).



## GALARDÓN PARA CONCEPCIÓN CAMPOS

Concedido pola Asociación de Expertos Nacionais de la Abogacía Digital. ([El Correo Gallego](#)) [+info](#).





O acto de investidura do investigador do Cinbio e do CIC biomaGUNE terá lugar o 30 de marzo

### A UNIVERSIDADE DE AMBERES DISTINGUE A TRAXECTORIA DO CATEDRÁTICO LUIS LIZ-MARZÁN E NOMÉAO DOUTOR HONORIS CAUSA

Pola súa experiencia na síntese, caracterización e aplicación de nanopartículas metálicas plasmónica. ([DUVI](#)) [+info](#).



Imaxe da final

### O EQUIPO SOFISTAS GAÑA A IX LIGA DE DEBATE


Formado por catro alumnas dos graos de Dereito e Relacións Internacionais. ([DUVI](#)) [+info](#).



As premiadas na modalidade de moda, coa conselleira Fabiola García. Foto: Xunta de Galicia

### OS PREMIOS XUVENTUDE CREA RECOÑECEN O TALENTO DO ALUMNADO DO CAMPUS

Na modalidade de videocreación foi distinguida a estudante de Belas Artes Rocío Campoy. ([DUVI](#)) [+info](#).



Captura da curta 'Carlos foi vivir ao mar', 1º Premio de Curta Narrativa

### OS CONCURSOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA VOLVEN SACAR Á LUZ O TALENTO CREATIVO DO ALUMNADO DA UVIGO

Concedéronse premios nas modalidades audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música. ([DUVI](#)) [+info](#)



Foto de familia dos premiados. Mar Fernández, terceira pola esquerda

## MAR FERNÁNDEZ, INVESTIGADORA DO GRUPO GIO, FINALISTA DOS PREMIOS DO CENTRO ESPAÑOL DE LOGÍSTICA

Pola súa tese sobre o modelado e optimización da cadea de subministro online dos supermercados. ([DUVI](#)) [+info](#)



Tomás Aparicio, Pablo García e Inés Tüñez

## A ASOCIACIÓN DE DEBATE UNIVERSITARIO RETÓRICA UVIGO GAÑA O I TORNEO DE DEBATE ADUMA

O equipo vigués proclamouse campión tras gañar todos os debates da liga de grupos. ([DUVI](#)) [+info](#)



Imaxe de 'Cando o tempo acabe', gañadora do premio á mellor curta do pasado curso

## AUGAL RECOÑECE 'CANDO O TEMPO ACABE' COMO MELLOR CURTA DO PASADO CURSO

Realizado por Miguel Gómez Abad como traballo fin de grao.

([DUVI](#)) [+info](#)

---

**UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS**

Edificio anexo a xerencia.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: [https://uvigo.gal/uvigo\\_gl/administracion/analises-programas/index.html](https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/analises-programas/index.html)

# Universidade de Vigo